

O **Día internacional da muller** é o día no que millóns de mulleres de todo o planeta alzamos a voz para **REIVINDICAR** os nosos dereitos e loitar contra todas as discriminacións por razón de sexo.

Queremos que este día sexa unha homenaxe para todas aquelas mulleres que loitaron e loitan día a día por alcanzar unha realidade na que todas as persoas gocemos dos mesmos dereitos e oportunidades, e formemos parte dunha sociedade xusta e equitativa.

A achega das mulleres ao longo da historia en todos os ámbitos é incuestionable á vez que **invisible**, e o que queremos manifestar nesta data é o noso convencemento de que as cousas poden e deben cambiar.

Nos nosos fogares segue habendo desequilibrio no **reparto de tarefas**, xa que as mulleres son as que maioritariamente seguen asumindo as tarefas de casa, as do coidado de fillas e fillos e as de familiares dependentes.

As estatísticas confirman. As mulleres perciben salarios menores, sofren máis temporalidade e traballan máis a tempo parcial. E iso débese, en boa medida, a verse obrigadas a cargar coa parte maioritaria do traballo de coidados nos seus fogares. Os datos do Censo 2022, coñecidos hai uns meses, sinalaban neste senso que **no 45% dos fogares galegos as mulleres se encargan da maioría das tarefas domésticas, tres veces máis que os homes**.

A fenda medra cando hai que coidar a familiares dependentes, sexan nenos ou nenas, ou sexan maiores. A consecuencia, no longo prazo, é unha carreira de obstáculos na vida e no traballo, composta por duplas e triplas xornadas laborais e, finalmente, a percepción de pensións de xubilación moi inferiores ás dos homes.

A fenda salarial entre homes e mulleres mantense case inalterable dende hai dúas décadas. Segundo os datos da Axencia Tributaria, no ano 2022 o salario medio anual dos traballadores galegos era de 22.818 euros, máis de catro mil euros máis que o das traballadoras (18.580). E, ademais, as mulleres sofren taxas de paro superiores ás dos homes, especialmente entre as persoas máis mozas (de 16 e 19 anos) que buscan un emprego.

Porén, o máis significativo é observar as diferentes razóns que homes e mulleres aducen para explicar o feito de estaren traballando a tempo parcial. O principal motivo en ambos os dous sexos é a imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa, pero mentres o 22% das mulleres sinala que traballa a tempo parcial porque ten que coidar de familiares dependentes (crianzas ou maiores), a porcentaxe de homes que alude ao mesmo fica no 4,2%.

O 92% das excedencias laborais para coidado de menores e o 75% das reducións de xornada (datos de 2017) corresponden a mulleres. De igual xeito, o 86% das persoas que non teñen un emprego remunerado para exercer este labor de coidados son mulleres. As tarefas no fogar que realizan os varóns son consideradas como «axudas», non como unha responsabilidade necesariamente compartida.

As mulleres realizamos o 31% do traballo remunerado no mundo e o 80% do que non supón salario algún. A **segregación laboral** mantén as mulleres nos traballos peor remunerados.

Segundo Nacións Unidas as **mulleres** non chegamos nin a un 25% de persoas nos **parlamentos** do mundo. Non estamos nos órganos de decisión suficientemente representadas. A **presenza de mulleres nos medios de comunicación**, televisión, radio, prensa é de un 24% en todo o mundo. Só o 17% dos Tribunais internacionais están integrados por mulleres. Só somos o 6% das persoas directoras das grandes empresas. A fenda **salarial no deporte, arte, produción científica e tecnolóxica**, segue sendo escandalosa.

Todavía escoitamos expresións machistas dirixidas ás mulleres en diferentes contextos e situacións, expresións que son irrespectuosas e invasivas e que **atentan contra a dignidade**.

Outros datos seguen a falar do difícil que é ser muller no mundo actual:

Violencia sexual, matrimonio infantil, embarazos en adolescentes, mutilación xenital, mulleres vítimas do sistema prostitucional, a explotación reprodutiva, o abandono escolar das rapazas en zonas de conflito que é 2,5 veces maior que a dos rapaces ,etc. Cada ano 70 millóns de mulleres son privadas de educación básica, e 60 millóns de nenas sofren abusos sexuais de camiño á escola.

Desde o noso instituto Johan Carballeira xa demos un paso á fronte como comunidade educativa.

Profesorado, alumnado e familias estamos involucra@s en materia de igualdade desde a responsabilidade cidadá, ética e profesional, co propósito de construír un mundo máis xusto para as mulleres.

Desde aquí facemos un chamamento para promover a igualdade os 365 días do ano, para que deixe de ser un espellismo e, nun futuro próximo, a igualdade entre mulleres e homes sexa unha realidade. Logralo está nas nosas mans, é unha cuestión de cidadanía, de educación, de democracia e de xustiza social.

Moitas grazas pola atención.